

REGULAMENTO III TRAIL DOS FOUCELLAS

- 1. ORGANIZACIÓN:** A Asociación de Veciños Tabairón organiza o III Trail dos Foucellas, que se celebrará o próximo domingo 12 de decembro na localidade de Baio.
- 2. COLABORAN:** Para a celebración da proba colaboran o Concello de Zas e a Deputación da Coruña.
- 3. EMPRAZAMENTO:** Carballeira de Baio: <https://goo.gl/maps/1iq6z9Mzqn3GiwHj8>

3.1 Zona Saída: A saída da proba está situada na **Carballeira de Baio**. Esta zona permanecerá pechada ao tráfico. Nela habrá:


- Servizo de roupeiro con bolsas identificadas polo nº de participante
- O remate da proba entrega de un aperitivo e bebida final.

3.2. Duchas: Os participantes, unha vez recollidos os dorsais terán que acudir as zonas de aparcamento situadas no **Campo de Fútbol** ou no **Polideportivo** donde está o servizo de duchas en cumprimento da normativa sanitaria vixente de cada Concello.

Campo Fútbol Platas Reinoso: <https://goo.gl/maps/cafrCYRAkLCrku5>

Polideportivo: <https://goo.gl/maps/cgHdHpXMcvcuYqpb8>

Mapa Baio



- 4. PARTICIPANTES:** Na modalidade de Trail poderán participar todas aquelas persoas maiores de 12 anos (odía da proba) que o desexen, federados ou non federados, sempre que estén inscritas nos prazos e formas establecidas pola organización, **os menores deberán aportar un permiso de consentimento firmado polos seus titores legais. (adxuntase na paxina de inscrición)**

A proba está limitada a un total de 600 participantes entre as dúas modalidades.

- 5. CATEGORÍAS:** Na modalidade Trail estableceuse as seguintes categorías.

- SENIOR (Homes/mulleres) 12 a 44 anos
- MÁSTER (Homes/mulleres) - maiores de 45 anos

- 6. INSCRICIÓNS:** Para poder participar no III Trail dos Foucellas, deberase estar previamente inscrito na plataforma ccnorte.com. Non se lle permitirá a súa participación a ningunha persoa que non teña o dorsal previamente entregado polos membros da organización e que non apareza nos listados facilitados por Championchipnorte.

Datalímite: Ata o luns 6 de decembro as 23:59h. Non se admitirán inscricións fora de prazo.

- Prezo Trail ata as 23:59 do 28 de novembro: 16€ non socios, 10€ socios Tabeirón Deportivo.
- Prezo Trail dende 29 de novembro ata o 6 de decembro: 20€ non socios, 14€ socios Tabeirón Deportivo.

Non existe políticas de devolución salvo causa de forza maior.

7. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS: Zona Recepción e entrega Dorsais: está situada na praza **Braulio Astray** próxima a Carballeira de Baio, donde se fai **entrega dos dorsais, obrigatorio uso de mascara e manter a distancia de seguridade 1,5 mestros.**

O día da proba a entrega de dorsais da ruta longa será de 8 a 9:15 e a curta de 9:15 a 10:15.

Os propietarios do chip de MyLaps deberán correr co chip en propiedade, mentres que para os non propietarios o aluguer suporá un coste de 1€ a aboar no momento da inscrición. Ó rematar a proba deberá devolverse o mesmo ós membroa da organización, en caso contraroo suporá un coste adicional de 5€.

Cada participante terá unha zona onde situará os seus vehículos (máximo de 4) e dirixirase as carpas da organización (máximo de 2 personas por carpa), entre un participante e outro haberá unha separación mínima de 1,5 mts distancia seguridade.

Entrega da bolsa cos dorsais que identifican os participantes que se terán que poñer inmediatamente antes do acceso, segundo a súa cor permitiráselles o acceso a diferentes zonas do circuito.

Praza Braulio Astray: <https://goo.gl/maps/SqCasv51VbxRbrWX9>

7.1 Entrega dorsais previa: O sábado 11 de decembro tamen estarán habilitadas as Escolas Agra Regueiro entre as 17.00 e as 19.00 horas para a recollida de dorsais e entrega, uso **obligatorio da máscara e manter a distancia de seguridade 1,5 mestros.**

8. DECLARACIÓN RESPONSABLE: Todos os participantes deberán presentar a **DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE DA PAXINA WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO (CUBRIR 3 DÍAS ANTES DA DATA DE CELEBRACIÓN DO EVENTO, ANTES DESA DATA NON SE PODERÁ REALIZAR ESTE PROCEDIMENTO)**, documento que atoparán tamén plataforma de inscrición, para indicar que nos 14 días previos non percibiu en si mesmos síntomas compatibles co COVID 19. Teñen que cubrir e firmar este impreso e entregar este documento impresor e recollida de dorsais. Sineste documento no se poderá participar na proba.

9. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS: Habrá servizo de ambulancia e persoal sanitario. Todos os participantes estarán cubertos cunha póliza de “seguro de responsabilidade civil” e “seguro de accidentes”.

O día da proba habrá una ambulancia e persoal sanitario, encargado de atender calquer incidente ou lesión que poida acontecer.

10. SAÍDA: A saída da proba é o Domingo 12 de decembro as 9:30 para o trail Longo e ás 10:30 para o trail curto dende a Carballeira de Baio en Zas. A proba finaliza ás 13:30.

Todos os participantes deberán pasar obrigatoriamente polos corredores de acceso a zona de saída para o control de dorsais.

Dada a normativa sanitaria e protocolo Fisicovid-dxt Galego, as saídas realízaranse de forma escalonada en grupos de 10 participantes e con una diferenza de 20 segundos por grupo. Ditos grupos quedarán definidos unha vez cerrada a inscrición e serán publicados con antelación.

11. PERCORRIDO:

TRAIL LONGO 27 KM:

- Saída ás 9:30

TRAIL CURTO 14 KM:

- Saída as 10:30

O percorrido estará sinalizado con cinta e marcas de cor azuis e brancas, sendo obrigatorio o paso por todos os postos de controis establecidos.

12. TEMPO DE CORTE: Habrá un punto de corte para os participantes da ruta longa, os participantes que sobrepasen as **12 horas no km 16**, serán obrigados a coller o recorrido curto para chegar a meta situada na Carballeira de Baio.

13. AVITUALLAMENTOS:

Habrá avituallamento líquido ó longo do percorrido e líquido e sólido na meta.

14. DESCALIFICACIÓNS: Será obrigatorio cumprir o protocolo para o desenvolvemento da proba. Todo aquel que non o cumpra poderá ser descalificado.

Non se permite:

- Correr xusto detrás de outro participantes sen manter a distancia de 1,5 metros.
- Adelantar a outro participante a menos de 1,5m de distancia lateral.
- Incumplir o protocolo Anti Covid 19 da proba.
- Non levar visible o dorsal e o chip.
- Non realizar o recorrido completo.
- Manifestar un mal estado físico evidente

15. META: Na liña de meta os participantes recibirán unha mascarada que deberán por tan pronto sexa posible. A proba finaliza ás 13:30h, todo participante que non chegue antes da hora indicada será descalificado.

16. RECLAMACIÓNS: As reclamacións deberán ser feitas verbalmente á organización, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

17. PREMIOS:

- Ruta Longa

Categoría Masculina: 1º, 2º e 3º Clasificado e 1º clasificado Master

Categoría Femenina: 1º, 2º e 3º Clasificada e 1º clasificado Master

Participante Concello Zas: Mellor clasificado Masculino e Femenino

Participante Socio Tabairón de Deportivo: Mellor clasificado Masculino e Femenino

- Ruta Curta

Categoría Masculina: 1º, 2º e 3º Clasificado e 1º clasificado Máster

Categoría Femenina: 1º, 2º e 3º Clasificada e 1º clasificado Máster

Participante Concello Zas: Mellor clasificado Masculino e Femenino

Participante Socio Tabairón de Deportivo: Mellor clasificado Masculino e Femenino

Os premios son acumulativos por participantes en todas as categorías. O premio do Concello de Zas esixe estar empadroadado no municipio o ano da proba.

17.1 CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS.

Haberá un único premio que será correspondente á suma dos tempos dos tres primeiros/as corredores de cada equipo que realizaran o recorrido completo da ruta longa en menos tempo real.

Ruta Longa: Mellor Equipo

A entrega de premios está programada para 13.30 horas na Carballeira de Baio.

18. NORMATIVA: Na modalidade de Trail, para todo o disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA, e de ser preciso a normativa RFEA e WA.

19. RESPONSABILIDADE: No momento da inscrición cada participante pon de manifesto que se atopa nunha forma física e psíquica óptima para participar nesta proba e asume, de igual maneira o risco que comporta a práctica deportiva.

Os participantes están obrigados a auxiliar ós accidentados e a respetar as normas de circulación e n t o d o s o s cruces da estrada. En todos os cruces teremos persoal de apoio.

A organización non se fará responsable dos danos, prexucios ou lesión que poidan sufriros participantes desta proba ou que poidan ocasionar a terceiros, así como tampouco de cantos gastos, débedas e danos que se poidan contraer no transcurso do evento.

Os participantes renuncian polo tanto a emprender accións legais que poidan derivar da participación na proba contra organización da mesma.

20. CAMBIOS: A organización resérvase o dereito a realizar culquer tipo de cambio de carácter organizativo en beneficio dos participantes. Ditos cambios no caso de que se produzan deberán ser comunicados a través dos medios que consideren mais oportunos.

A organización reservase o dereito de suspender, o aprazar a proba cando se considere que está e riesco a seguridade dos participantes ou si así o manifiestan as autoridades competentes.

21. PROTECCIÓN DE DATOS: Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nos listados oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consinte que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable o **Asociación Veciños Tabeirón de Baio con domicilio Campo do Rollo S/N Baio, Zas A Coruña**. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, adaptada á Normativa Europea (UE) 679/2016.

Ao mesmo tempo, informamos sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais que constan no ficheiro de Tabeirón Deportivo. Para exercer estes dereitos, poderán facelo a través da dirección de correo electrónico, asociacióntabeiron@hotmail.com

RESUMO FINAL:

1. OBRIGATORIEDADE PARA TODO O PERSOAL REXISTRADO DE CUBRIR O FORMULARIO 1. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE DA PAXINA WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO (CUBRIR 3 DÍAS ANTES DA DATA DE CELEBRACIÓN DO EVENTO, ANTES DESA DATA NON SE PODERÁ REALIZAR ESTE PROCEDEMENTO).
2. OS MENORES DE 18 ANOS DEBERAN PRESENTAR O CONSENTIMENTO DO FIRMADO POLO SEUS TITURES LEGAIS.
3. NON SE ADMINTEN DEVOLUCIÓNS DA INSCRIPCIÓNS
4. MÁSCARA OBRIGATORIA, DISTANCIA INTERPERSOAL DE 1,5 M, EVITAR OU CONTACTO FÍSICO, LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE MANS, EVITAR AGLOMERACIÓNS E REALIZACIÓN DE TODOS OS ACTOS AO AIRE LIBRE, E FIRMAR A DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDAD.

TELÉFONOS DE CONTACTO E INTERESE

PRESIDENTE: RAMON 651992623

RESPONSABLE PROBA: MARIO 645817725

RESPONSABLE COVID-19: MANUEL 629630566

RESPONSABLE INSCRIPCIONS: JOSE 600900164

HOSTIPAL URXENCIAS CEE: 981706010

CENTRO MEDICO VIMIANZO:981707417

